



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2022/23 |
|-----------------------|---|----------|--------------------|-------------------|---------|
| Asignatura (*) | Tradións Literarias e Culturais | | Código | 613584110 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016) | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 3 | |
| Idioma | Castelán | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Letras | | | | |
| Coordinación | Ferraces Rodriguez, Arsenio | | Correo electrónico | a.ferraces@udc.es | |
| Profesorado | Ferraces Rodriguez, Arsenio | | Correo electrónico | a.ferraces@udc.es | |
| Web | https://coruna.academia.edu/AFerracesRodriguez/ | | | | |
| Descrición xeral | A materia 'Tradións literarias e culturais' pretende levar a cabo un enfoque integrado dos feitos literarios e culturais desde as perspectivas diacrónica e comparada. O punto de partida é unha reflexión sobre os termos de tradición e legado, e as súas relacións cos conceptos de identidade cultural e canon. A continuación distinguiranse, por unha parte, os contidos e códigos formais que integran o patrimonio literario ou cultural herdado en cada momento, e, por outra, as canles mesmas de transmisión e as formas de recepción dese legado. | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|---|
| A1 | Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural |
| A2 | Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural |
| A5 | Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación |
| A8 | Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma |
| A9 | Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos |
| A12 | Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais |
| A14 | Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais |
| B4 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida |
| B6 | Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben afrontarse |
| B7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe |
| B8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |
| B10 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma |
| C2 | Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos |
| C3 | Demostrar un compromiso ético coas desigualdades |
| C4 | Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade |
| C5 | Integrar coñecementos de campos de estudos diversos |
| C7 | Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador |
| C8 | Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico |
| C9 | Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
|---------------------------|-------------------------------------|
|---------------------------|-------------------------------------|



| | | | |
|--|-------------------|-------------------|------------|
| Integrar o estudo de obras pertencentes á literatura española no plano das diferentes tradicións literarias e culturais europeas | AM1 | | |
| Poñer en relación as producións literarias con outras manifestacións artísticas e intelectuais | AM2 AM8 AM9 | | CM5 |
| Tomar conciencia da continuidade e da diversidade cultural nos eixos sincrónico e diacrónico | | | CM3 CM4 |
| Coñecer e utilizar con efectividade as ferramentas de estudo básicas no ámbito dos estudos literarios e culturais | AI3 | BP1 BP3 BP4 | |
| Adquirir destrezas básicas en materia de comunicación científico-académica e planificación da investigación | | BP7 | CM2 CI1 |
| Explorar campos e liñas de investigación innovadoras no ámbito dos estudos literarios e culturais referidos ao mundo hispánico | AM5 AI1 | BP5 | CI2 CI3 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Cuestións conceptuais: literatura, cultura, tradición. | 1.1. O concepto de literatura da Antigüidade ós tempos modernos. 1.2. Literatura e cultura. 1.3. O concepto de tradición literaria e cultural. |
| 2. A maxia na literatura e na cultura popular. | 2.1. Amuletos e fórmulas máxicas na Antigüidade. 2.2. Estudo de formas e elementos compositivos das fórmulas máxicas 2.3. As 'precações' ou súplicas paganas. 2.4. Antigüidade Tardía e Idade Media: cristianización de procedementos e fórmulas. 2.5. Pervivencia moderna de tradicións e procedementos da maxia antiga no contido e na forma expresiva. |
| 3. Persistencia do saber máxico antigo nos textos e na cultura popular. | 3.1. A mandrágora 3.2. A peonía 3.3. Adivinación por medio de plantas e animais. |
| 4. Recursos máxicos particulares na literatura e na cultura tradicional. | 4.1. Términos secretos 4.2. O emprego dos números 4.3 O círculo |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Aprendizaxe colaborativa | A5 A14 B7 B8 C2 C3 | 8 | 16 | 24 |
| Traballos tutelados | A12 B4 B10 C8 C9 | 0 | 21 | 21 |
| Lecturas | A1 A2 A8 B6 C4 C7 C5 | 0 | 5 | 5 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A8 A9 | 7 | 15 | 22 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|--------------------------|---|
| Aprendizaxe colaborativa | Reservarase unha parte das sesións presenciais para o debate de cuestións concretas relativas aos contidos previamente expostos. Asimesmo, proporase ós estudantes a preparación previa de certos aspectos que serán tratados en sesións posteriores, efectuando, por exemplo, exercicios de reflexión ou de procura de información sobre un tema dado. Estas actividades terán unha dinámica de traballo en equipo. |
| Traballos tutelados | Os estudantes elaborarán e exporán públicamente un traballo, coa asistencia do profesor. O tema deste traballo versará sobre algún aspecto concreto da elaboración, transmisión e recepción dun tema da tradición cultural ou dunha forma literaria dentro do dominio cultural hispánico. |
| Lecturas | Os estudantes realizarán por conta propia unha serie de lecturas, que se referirán ben a aspectos xerais da materia, ben ao tema do traballo tutelado que teñan que elaborar. Unha parte destas lecturas constituirán a base para levar a cabo sesións de debate en aulas presenciais. Outra parte terá carácter complementario e poderá ser realizada durante o período que media entre o fin das aulas presenciais e o prazo establecido para a avaliación. |
| Sesión maxistral | O profesor destinará as sesións maxistras a expor oralmente os contidos dos temas e subtemas. Empregará ordinariamente instrumentos auxiliares como textos, documentos gráficos ou sonoros, remisión a páxinas web ou guions en formato power-point. A exposición razoada estará aberta ao debate e á solución de dúbidas levantadas polos estudantes. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Os estudantes contarán coa asistencia do profesor para a programación e supervisión do traballo tutelado. A tal efecto programarase un calendario de titorías específicas que se estenderá ao longo do segundo cuatrimestre. Antes de iniciar o traballo o alumno asistirá a unha titoría co profesor para acordar o tema e mais o calendario de realización e entrega. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|---------------------------|---|---------------|
| Aprendizaxe colaborativa | A5 A14 B7 B8 C2 C3 | Valorarase o grado de participación dos/das estudantes nos exercicios de debate desenvolvidos nos tramos das sesións presenciais destinados a tal efecto. Especial importancia terá a capacidade de síntese, o grado de competencia na argumentación oral e a habilidade para resolver problemas ou conflitos. | 20 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A8 A9 | Valorarase a asistencia e a participación activa dos/das estudantes nas sesións presenciais. | 10 |
| Traballos tutelados | A12 B4 B10 C8 C9 | No traballo individual elaborado por cada estudante valorarase de forma integrada: a) a corrección na expresión escrita e na configuración editorial do documento; b) a claridade e a eficacia na exposición c) o rigor e a profundidade na argumentación; d) a adecuación aos contidos da materia; e) o carácter innovador dos plantexamentos, métodos empregados e conclusións. | 50 |
| Lecturas | A1 A2 A8 B6 C4 C7 C5 | O/a estudante dará conta das lecturas obrigatorias a través da elaboración de fichas específicas. | 20 |

Observacións avaliación

Os/as estudantes que se matriculen en modalidade non presencial (dispensa académica) serán avaliados en función unicamente das metodoloxías 2: Traballos tutelados (65%) e 3: Lecturas (35%)

Os criterios para a avaliación en segunda oportunidade serán os mesmos que os aplicados á primeira. As cualificacións obtidas naquelas metodoloxías que requiren presencialidade (Aprendizaxe colaborativa e Sesión maxistral) conservaranse da primeira para a segunda oportunidade. Na convocatoria adiantada de decembro será aplicado o mesmo sistema de avaliación indicado para o alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica. Será considerado NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non presente o traballo titorizado

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Curtius, E.R. (1955). Literatura europea y Edad Media latina.. México, Fondo de Cultura Económica.- Eliot, T.S. (2003). La unidad de la cultura europea notas para la definición de la cultura. Madrid, Encuentro- Highet, G. (1954). La tradición clásica: influencias griegas y romanas en la literatura occidental.. México, Fondo de Cultura Económica.- Reynolds, L.D. - Wilson, N.G. Madrid, Gredos, 1986. (1986). Copistas y Filólogos. Las vías de transmisión de las literaturas griega y latina.. Madrid; Gredos- García Jurado, F. (2015). Tradición frente a recepción clásica. Historia frente a estética. Receptor frente a lector. Nova Tellus 33/1, 2015, 11-40- García Jurado, F. (2016). Teoría de la tradición clásica. Conceptos, historia y métodos. México, UNAM- Cristóbal, V. (2005). Tradición clásica: concepto y bibliografía. Edad de Oro 24, pp. 27-46 |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Bolgar, R.R. (1954). The Classical Heritage and its Beneficiaries. Cambridge U.P.- González Rolán, T. - Saquero, P. - López Fonseca, A. (2002). La Tradición Clásica en España (siglos XIII-XV).. Madrid; Ediciones Clásicas- Kallendorf, C.W. (2007). A Companion to the Classical Tradition. Oxford, Blackwell Publishing- Signes Codoñer, J. (2005). Antiquae lectiones. El legado clásico desde la Antigüedad hasta la Revolución Francesa.. Madrid; Cátedra |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías